

Plan CAMGAL

RECOMENDACIÓN S PARA A RECOLLIDA DE PELLETS PLÁSTICOS NA COSTA PARA PERSOAL CONTRATADO

Antes de comezar:

O persoal debe ter recibido a formación previa necesaria.

O persoal debe levar calzado que non escorregue, roupa adecuada para frío e choiva e luvas que unha vez que termine a tarefa de recollida, non se deben deixar na zona de traballo.

Lembra que a franxa costeira é un ecosistema vivo e complexo, no que se desenvolven e conviven multitude de organismos, polo que é necesario avaliar previamente as posibles consecuencias das accións de limpeza.

Os grupos de limpeza do persoal contratado, deberán axustar as súas actuacións á planificación establecida pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda.


Aínda que non se consideran residuos perigosos (material plástico non tóxico), protexer as mans con luvas, preferiblemente de nitrilo, para evitar posibles cortes ou punzamentos doutros materiais mesturados co plástico.

No caso de utilizar equipos mecánicos que poidan proxectar partículas deberase empregar gafas de protección.

Usar bolsas de lixo xeral para os pellets e bolsas amarelas para o resto de plásticos.

COMO ORGANIZAR UN GRUPO DE RECOLLIDA DE PLÁSTICOS

- Para priorizar as actuacións, identificar previamente mediante observación directa a extensión das zonas afectadas, e estimar as cantidades de pellets depositadas.
- O xefe de cada grupo debe informar ao Concello da zona de actuación e informarse do lugar onde entregar os residuos para que queden a resguardo e non volvan ao medio.




Plan CAMGAL


RECOMENDACIÓNS A TER EN CONTA DURANTE A RECOLLIDA DE PLÁSTICOS

- Acceder ás praias e zonas costeiras polos lugares indicados e sendo coidadoso coa flora e fauna do lugar. Non extraer da praia elementos naturais como: algas, cunchas, area, etc.
- Respetar, en todo caso, os elementos naturais especialmente sensibles como dunas, zonas de repouso, descanso ou aniñamento de aves, plantas costeiras, etc.
- En primeiro lugar retirar os sacos de pellets que se atopen na costa, introducindoos nun saco plástico para evitar que siga soltando produto se ten algunha rotura.
- Avaliar a presenza de zonas de gran acumulación de pellets entre rochas ou en zonas nas que exista multicapa. Nestas zonas, coa axuda dunha pequena pa, se poden recoller os pellets e introducilos nunha bolsa plástica.
- No resto do areal, soamente naqueles casos nos que a liña de marea presente unha densidade alta de pellets dispersos (máis de 150 pellets por m²) pódese recoller coa axuda dunha pa pequena de albanel de maneira moi superficial, ou mediante a utilización de aspiradoras de xardín.
- Intentar recoller a menor cantidade de área posible e envorcalo nun capazo con auga de mar, retirar cun coador os pellets que floten e devolver o resto de auga ao mar.
- Reducir a cantidade de area recollida (é importante para a praia), para isto é conveniente o uso de cribas.
- Usar bolsas de lixo xeral para a recollida dos pellets e pechalas ben unha vez rematado o traballo.
- Usar bolsas amarelas para a recollida do resto de plásticos que se atopen na praia.
- Depositar os pellets nos contedores ou zonas de acopio proporcionados polo Concello que deberán situarse en lugares de uso público habilitados para tal fin.
- Utilizar os contedores municipais amarelos para a recollida selectiva para o depósito do resto dos plásticos.
- Asegurarse de non deixar ningún material de traballo ao rematar a actuación.
- No caso de atoparse un animal enfermo ou ferido durante as labores de retirada e limpeza dos pellets, deberá darse aviso ao 112.

COMO REPORTAR OS TRABALLOS UNHA VEZ REMATADOS

- Aportar á administración contratante a información sobre lugar de actuación (areal e Concello), data e hora de inicio e fin, así como cantidade recollida e lugar de almacenamento do material retirado.
- Aportar reportaxe fotográfico do estado inicial e final da zona da actuación.
- Informar se, unha vez realizada a visita ao areal, constatase que NON hai presenza de pellets plásticos.





Plan CAMGAL

REPORTE DOS TRABALLOS REALIZADOS

- Lugar de actuación (areal/praias):
- Concello de:
- Data:
- Hora de inicio:
- Hora de fin:
- Cantidade recollida:
- Reportaxe fotográfico (ao inicial da actuación):

- Reportaxe fotográfico (ao final da actuación):

- [] NON hai presenza de pellets plásticos.

- Sinatura